

## **14/2019. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 26 DE XUÑO DE 2019.**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e seis de xuño do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Juan Domingo de Deus Fonticoba. Asiste tamén a interventora accidental municipal, Dna. Mercedes Ocampo Santiago (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 19.02.2015, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 687/2019 de 13.06.2019).

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 15.06.2019 (13/2019-SESIÓN CONSTITUTIVA).**

**Sra. Alcaldesa:** Entón iniciamos o primeiro punto da orde do día, que sería aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 15.06.2019 ¿Algo entorno a ela?. A sometemos a votación entón, votos a favor.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión constitutiva da nova corporación realizada o día 15.06.2019 (13/2019).

### **2.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.**

**Sra. Alcaldesa:** Pasaríamos ao segundo punto da orde do día que sería periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación. Tal e como se presentou na Xunta de Voceiros a proposta sería a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación Municipal será mensual, e as sesións celebraríanse o último mércores de cada mes, ás 19.30 horas, agás nos meses de verán (xuño, xullo e agosto), que se celebrarían ás 9,00 h.. Se o día de celebración coincidise cun día festivo, celebraríanse o primeiro día hábil anterior. ¿Palabras entorno a isto?. E... Gemi.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, bueno, bos días a todos e a todas. Eu vou a facer unha

intervención xa xenérica e a vou a facer agora xa porque vai a valer para todas as propostas que van dar lugar a debate e aprobación se procede. Entón bueno, eu fai aproximadamente catro anos díxenlle ao Partido Popular cando presentou a súa primeira proposta de adicacións, que esa proposta parecíame indigna, porque só contemplaba adicacións para... para o goberno e non para a oposición. E hoxe aquí pois teño que volver a dicir o mesmo, e quizá teño que dicir algo máis porque esta proposta hoxe provén de grupos e... políticos denominados, teóricamente, e entre aspas, progresistas. E por iso agora esta proposta non me parece tan só indigna, senón que me parece un retroceso democrático no Concello de Mugar dos, e non me estou a referir agora á falta de adicacións para os grupos da oposición, senón ao recorte que se vai a facer na periodicidade das comisións, que van a pasar de ser quinceais, ou sexa mensuais... si... quinceais a ser mensuais. E isto vai a privar á metade dos votantes do Concello de Mugar dos de que podan participar na vida política municipal a través dos seus representantes, xa que preto de 1.500 persoas optaron e... tanto polo Partido Popular como polo BNG, é certo que en diferente medida, pero tamén creo que esas persoas teñen o mesmo dereito que as que votaron e... Partido Socialista e Esquerda Unida, a ter algún dos seus representantes e... do grupo municipal a tempo parcial no Concello para poder levar a cabo a control... o contro e a fiscalización da xestión do goberno. E entendo que isto existe no Concello de Mugar dos dende o ano 2013, e entendo tamén que é a posición máis democrática, e agora o que se está a tratar de facer é acabar coa representación política municipal da oposición. Por iso digo, ideoloxicamente e por vir de quen ven, esta proposta paréceme inaceptable, xa que vai a limitar sobremaneira a participación dos grupos políticos na vida municipal; claro que igual esa é a intención, a de recortar os dereitos facendo as comisións informativas con carácter mensual e negándolle aos grupos da oposición as adicacións, algo que por certo ven contemplado no artigo 93, dentro do título quinto do ROF do Concello de Mugar dos, que foi aprobado o día 28 de decembro do ano 2012 cos votos a favor do BNG, de Esquerda Unida e do Partido Socialista Obrero Español. Pois ben, parece ser que ese regulamento de funcionamento do que se dotou ao Concello de Mugar dos hoxe aquí vaise a utilizar dunha maneira selectiva, pois se ben se vai a facer uso do artigo 111.1, que di que as comisións informativas, cando menos, deben ter unha periodicidade mínima dunha sesión ordinaria ao mes, isto é certo, pero tamén é certo que vamos a obviar o artigo 93, que di que tódolos grupos municipais gozarán de idénticos dereitos, entre eles contar cun concelleiro ou unha concelleira con adicación exclusiva para coordinar os traballos do seu grupo municipal, os grupos municipais poderán renunciar á adicación exclusiva do concelleiro ou concelleira ou propor a súa conversión nunha adicación parcial. É certo que a lei a día de hoxe contempla que non pode haber máis de tres dedicacións exclusivas, pero é certo que non contempla ningún tipo de limitación en canto as adicacións parciais. E isto por non falar xa do acordo de goberno que firmaron... que asinaron e... Esquerda Unida e o Partido Socialista Obrero Español, e que parece ser que ninguén dos que o asinou leuno, por que o certo é que ese acordo que se asinou o día 14 de xuño e que se publicitou nas redes e supoño que o publicitou tanto Esquerda Unida como o Partido Socialista, porque nós non. Nese acordo, digo, falábase de que as comisións ían a ser con carácter quincenal e seis comisións, e o certo é que unha semana despois, na Xunta de Voceiros do día 21 de xuño, a proposta que se trae é de cinco comisións informativas e con carácter mensual. Non sei si isto é o que nos agarda en relación aos acordos que vai a tomar o goberno, é dicir, un cambio de dirección cada semana. E... bueno, podería tamén falar aquí de o tempo que lle dedicou o goberno municipal a estudar a proposta que fixo o Bloque Nacionalista Galego na Xunta de Voceiros do día 21 de xuño, que polo cronómetro do meu reloxo, aínda que

non funciona moi ben, creo que foron xustamente tres minutos trinta e dous segundos, co cal creo que tampouco vale a pena xa falar disto porque da idea de que a intención que se traía xa estaba tomada de antemán e era a de non escoitar ningún, nin debater ningunha das propostas de ningún dos grupos municipais. E... a proposta que presenta este goberno creo que tampouco se pode xustificar nin dende o plano económico, porque é certo que a proposta que presentaba o goberno e a proposta que presenta o BNG en termos económicos son moi parecidas e non supoñería un gasto moito maior para as arcas municipais. E nada, xa para rematar dicir que si este é o Mugardos que queremos que avance, creo que este é un mal comezo de lexislatura e que vamos a necesitar tratar de acadar consensos necesarios para os proxectos importantes que nos quedan por desenvolver, e como digo, creo que este é un mal comezo para tratar de acadar ese consenso. Nada máis.

**Sra. Alcaldesa:** Abrimos un segundo turno de intervencións. E... Miguel.

**Sr. Mahía Prados:** Bos días. Bueno, e... referente a... a este punto, o noso voto, como non podía ser doutra forma, vai a ser negativo, pero vou a explicar os motivos no seguinte punto porque está relacionado co tema das comisións informativas e da... e da periodicidade.

**Sra. Alcaldesa:** Ben, pois entón o sometemos a votación unha vez esgotados os turnos de palabra. E... votos a favor da proposta en canto á periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación, en contra.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, por 7 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e 5 votos en contra (4 PP, 1 BNG), acorda presta-la súa aprobación á proposta da Alcaldía de data 21.06.2019, obrante no expediente, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

**Primero.-** A periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación Municipal será mensual, e as sesións celebraranse o último mércores de cada mes, ás 19.30 horas, agás nos meses de verán (xuño, xullo e agosto), que se celebrarán ás 9,00 h.. Se o día de celebración coincidise cun día festivo, celebraránse o primeiro día hábil anterior.

### **3.- CREACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.**

**Sra. Alcaldesa:** Pasamos ao seguinte punto da orde do día, que sería a creación das comisións informativas permanentes e comisión especial de contas. Bueno, a proposta ven tamén da Xunta de Voceiros, sería a comisión... a creación das comisións informativas permanentes e a comisión especial de contas. En primeiro lugar a comisión informativa de Urbanismo, Rehabilitación e Mobilidade. Segundo lugar, comisión informativa de Benestar Social e Igualdade. En terceiro, a comisión informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente. Cuarto, comisión informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. E quinta, a comisión informativa de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes. E a Comisión Especial de Contas. Tódalas comisións constarán de 6 compoñentes: 2 do Grupo Municipal do Partido

Popular, 2 do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son en Común, 1 do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e 1 do Bloque Nacionalista Galego. A periodicidade das sesións ordinarias das comisións informativas será mensual, agás a da Comisión Especial de Contas. E o día e hora das comisións informativas será fixado polos Presidentes de cada unha delas. Abrimos un primeiro turno de intervencións. E... Miguel.

Sr. Mahía Prados: Ben, vou comezar lendo a acta da sesión extraordinaria e urxente realizada polo Concello Pleno do día 17 de xullo de 2015, na intervención da señora Pilar Díaz Otero, e di así: En principio Esquerda Unida considera que o conxunto dos catro puntos que veñen ao Pleno, froito da unanimidade da Xunta de Portavoces, recolle substancialmente o que foi a nosa primeira intención, en canto á periodicidade, que dende Esquerda Unida entendíamos que ao ser quincenais garanten o control sobre o goberno e a participación dos grupos municipais. Ou sexa, vostede cando está na oposición encántalle fiscalizar a labor de goberno, encántalle ter comisións cada quince días, e agora que está de alcaldesa quere cercenar os dereitos dos... dos concelleiros, bueno, igual que cercenou os dereitos dos traballadores, isto pode dicilo porque ten sentenza firme. Entón ese é o criterio que ten vostede estando na oposición e o que ten estando no goberno. Despois, en base a ese criterio tamén, e á súa forma de proceder, vostede rachou o goberno e na acta da sesión extraordinaria realizada polo Concello Pleno o día 14 de decembro de 2017, no cal se consuma esa ruptura do goberno, establécese a periodicidade de quince días e rebáixase unha comisión; pasamos de seis comisións que había antes a cinco, e nós entendíamos, con bo criterio ao noso parecer, que era algo responsable porque era un goberno de tres persoas que non daba para máis, en materia de carga de traballo. Entón, nós nese aspecto non houbo ningún tipo de problema. Logo nos atopamos na reunión da Xunta de Voceiros que por parte do PSOE se di que non vai a haber contido para encher as comisións durante quince días... oia, mire, pois vostedes van a cobrar unha dedicación exclusiva para que haxa contido nas comisións, se non hai contido nas comisións é porque os presidentes das comisións non as enchén de contidos, iso é responsabilidade vosa non da oposición. Entón, é moi bonito predicar e non cumprir. E... un dos motivos que se deu era a carga de traballo para os funcionarios, si, bueno, referente ao tema dos dereitos laborais acaban de pactar vostedes cunha experta en materia de... pois de... respectar os dereitos dos traballadores ¿non?, vostedes mesmos se queixaban nas redes sociais acerca da condena, ¿que por que tiña que pagar o Concello de Mugardos os dous mil euros?, que tiñan que saír do peto da Alcaldesa, espero que agora son maioría na Xunta de Goberno lle... lle pidan que por favor o aboe da súa nómina. Referente a... á periodicidade das comisións, volvemos a ela, referente a facelas cada quince días, que era o traballo lóxico para controlar a fiscalización do goberno, xa me contarán vostedes como lle van a explicar aos veciños que piden licenzas de obra, que piden licenzas de primeira ocupación, que piden licenzas urbanísticas ou que piden un vao para a súa casa, que teñen que esperar un mes para que se reúna a comisión permanente para facer o ditame. Porque moito nos queixamos de que Mugardos está paralizado pero ben que non se ve, pola vosa parte, unha clara intención de favorecer o día a día do veciño, porque creo recordar que para iso é para o que estamos todos aquí, para iso somos todos concelleiros. Entón, referente á periodicidade das comisións é patético, porque é así, é patético, presentarse firmando algo que nin vós mesmos vades a respectar, nin vós, ninguén vos presionou para firmar nada, fúchedes vós libremente, e non respectades nin o que firmades. Como ben dixo o voceiro do BNG, se isto é o que lle espera ao Concello de Mugardos na vindeira lexislatura... apaga e vamos.

**Sra. Alcaldesa:** Abrimos un segundo turno de intervencións. E... José Ángel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Bueno, bos días a todos. Bueno, nós en canto... bueno, é para simplemente contestar un pouco, ¿non?, ao... ao tema de... que fixo Mahía, en particular ao PSOE, nós chegamos a un pacto de goberno no que os tres concelleiros que estamos aquí ningún... ningún estivera anteriormente, non sabíamos como funcionaban as comisións e polo tanto pois cremos que seguir a continuidade do que se levaba facendo ata agora que estaría... que estaría ben. Unha vez comezamos a... a traballar no goberno pois démonos conta... ou sexa, a estar no Concello efectivamente, démonos conta de que había un exceso de comisións, as comisións non tiñan contido suficiente, cremos nós, que isto se pode cambiar máis adiante se a cousa... se efectivamente hai contido suficiente ou hai debate suficiente e non chegan eu entendo que se poderán cambiar. Pero en principio e... ter nun Concello como Mugardos e... doce comisións, cremos que é excesivo en canto ao volume de traballo para os empregados municipais e tamén que as comisións non teñen... non teñen nada, non teñen corpo, non teñen... son unhas comisións, estiven comprobando os tempos das duracións e o que se levaba na orde do día e con unha ao mes entendo que vai a ser máis que suficiente en principio, que logo xa che digo, si efectivamente hai un debate e se amplían pois non... non... non habería ningún inconvinte, creo eu, en que se recuperasen máis comisións en determinadas áreas ¿non?. E... logo nós asinamos o acordo e o modificamos, pois os acordos se modifican, non... non entendo que teña... que haxa ...

**Sra. Alcaldesa:** Por favor.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Un acordo que teña que ser pois de... de por vida ou por toda a lexislatura. En principio bueno, iso, e en concreto pois o que comentaban de limitar a participación da oposición, nós cremos que unha comisión ao mes de cada... de cada área é suficiente para... para debater e para darlle á oposición pois a oportunidade de debater os temas que... que haxa. E nada máis, grazas.

**Sra. Alcaldesa:** Ben, unha vez pechado o segundo turno... está no segundo turno... si... a ver, solicitei segundo turno e pediu José Ángel a palabra. Entón pasaríamos á votación do punto número tres, que sería creación das comisións informativas permanentes e a comisión especial de contas. Votos a favor, votos en contra.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, por 7 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e 5 votos en contra (4 PP, 1 BNG), acorda presta-la súa aprobación á proposta da Alcaldía de data 19.06.2019, obrante no expediente, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Para o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno, así como para o seguimento da xestión da Alcaldesa, a Xunta de Goberno Local e dos/as concelleiros/as que ostenten delegacións, apróbase a creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes e da Comisión de Contas:

- 1.- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E MOBILIDADE.
- 2.- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE.
- 3.- COMISIÓN INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS E MEDIO AMBIENTE.
- 4.- COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.
- 5.- COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA, TURISMO, MOCIDADE E DEPORTES.
- 6.- COMISION ESPECIAL DE CONTAS.- Para dar cumprimento ó disposto no artigo 59 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 127 do R.O.F., coas competencias previstas nos artigos 67 da Lei 5/97, xa citada, e no 127 do R.O.F.

Tódalas comisións constarán de 6 compoñentes: 2 do Grupo Municipal do Partido Popular, 2 do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son en Común, 1 do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e 1 do Bloque Nacionalista Galego.

A periodicidade das sesións ordinarias das comisións informativas será mensual, agás as de:  
- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

O día e hora das Comisións informativas será fixado polos/as Presidentes/as de cada unha delas.

#### **4.- NOMEAMENTO CONCELLEIROS/AS PARA REPRESENTAR Á CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.**

**Sra. Alcaldesa:** Pasaríamos ao cuarto punto, que sería nomeamento de concelleiros para representar á corporación en órganos colexiados. Bueno, reflexa a proposta que ven da Xunta de Voceiros, en canto á representación nos diferentes órganos, que non imos a pasar a ler, e abrimos un primeiro turno de palabras. E... Gemi.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, bueno, eu dixen antes que ía a facer unha intervención xenérica para tódolos puntos, pero bueno, e é certo que non tiña pensado intervir máis pero agora si... si o vou a facer porque entendo que as declaracións que acaba de facer o... o Partido Socialista Obrero Español da a impresión de que aquí neste Concello, ata agora houbo cinco ou seis comisións informativas e que a xente viña a sestar ou a durmir pola mañán, eu creo que cando había esas comisións era fruto do consenso de tódolos grupos e que se viñan a solucionar os problemas que tiñan os veciños de Mugardos. É certo, e así tamén o plantexou o BNG na súa proposta, e eu dixen claramente na Xunta de Voceiros que eu fora Presidente durante un tempo da comisión informativa de cultura, e que había momentos, sobre todo no... na época de verán, que igual non había suficiente contido para ter as comisións quinceais e que como presidente entendía que tiña que buscar cousas por moitos sitios e entón entendía incluso que nos meses de verán e... como así se fixo despois no... na última etapa da lexislatura pasada, de que nos meses de verán as comisións fosen mensuais. Pero bueno, é certo que aquí cando eran quinceais e cando había cinco ou seis comisións non creo que os concelleiros que ían ás comisións, nin viñan aquí, pois foran alí a perder o tempo. E en canto a que non é limitar a participación dos grupos políticos, bueno, a lei tamén contempla outra posibilidade, e é que creo que no Concello de Mugardos poderíase celebrar un Pleno cada tres meses. E entón creo que incluso poderíamos facer unha comisión informativa plenaria, e entón teríamos unha comisión cada tres meses e un

pleno cada tres meses. ¿Estamos limitando a participación do veciño?. Bueno, depende do modelo de goberno, ou sexa, do modelo de Concello que se quera, eu creo que si é limitar. Facer as comisións mensuais, cando eran quinceais, é limitar a participación dos veciños a través dos seus representantes.

**Sra. Alcaldesa:** Miguel.

**Sr. Mahía Prados** (que traducido di): Si, ben, referente ao mesmo que acaba de dicir agora mesmo Gemino e as declaracións que fixo o voceiro do PSOE, cremos... palabras textuales teño aquí apuntados, queríamos a continuidade do que se estaba facendo ata agora, pero tamén... bueno, o exceso das comisións, que non chegaba o... pois xa me dirán como saben que non chega se todavía non se convocou a primeira, punto número un. No segundo, non son doce comisións, son dez. E... sodes vós os que tedes que nutrir as comisións de contido, ben o dicía Gemino; nós entendemos que en verán, polo tema estival, haxa menos contido nas comisións, o entendemos perfectamente, porque é lóxico, a administración tamén se paraliza, e sobre todo en agosto, que en moitas administracións é un mes inhábil. Entón nós iso o entendemos, o que non entendemos é que un Concello como Mugardos que non ten nin orzamentos, nin PXOM, ningún tipo de regulamento e... fora do PXOM do ano 99, e temos o Cine Zárate aí que se está caendo, que é necesario si ou si unha actuación nel, para facer... bueno, o que decida o Pleno, tedes tamén firmado no acordo de goberno, pero como vostede di que se poden modificar os acordos xa non sabemos se seguen na mesma postura de ser auditorio no Zárate ou biblioteca, pero bueno, ese é outro tema que xa debateremos. Pero mire, vostede di que os convenios se poden mudar... bueno, pois veremos se son capaces de mudar os convenios que hai en vigor pois con Portos, o que firmou a Alcaldesa con Reganosa para facer as actuacións do Zárate... veremos si se poden modificar eses convenios, porque ata onde eu sei cando un convenio se firma ten unha vixencia, e ata que non remate esa vixencia ese convenio hai que cumprilo. Referente tamén ao que di que si se ten o debate previo poderanse modificar ou non... mire, isto é un Pleno de organización municipal, os debates temos que telos antes do Pleno, e foron vostedes os que na Xunta de Voceiros pasaron o rodillo, esta é a nosa proposta, non imos nin debater a proposta que presentou o BNG e como somos maioría pasamos o rodillo. Moi ben, está moi ben. Referente a... ao propio nomeamento dos concelleiros, hai algo que se estilaba neste concello non fai moito, que era consensual, e traballar, como ben dicía Gemino, porque todos os que estamos aquí, e o dixen antes, estamos para servir aos veciños, e hai que virse coa lección aprendida de casa, a min non me serve iso de nós somos novos, chegamos agora... non, mire, isto non é unha escola de formación, isto é unha administración pública, e aquí vense a traballar e a servir aos veciños. Nós, a pesar de tódalas trabas que estades poñendo, a pesares de eliminar as comisións e a pesares de todo, nós imos a seguir vindo ao Concello, porque o obxectivo principal que ten esta organización que plantexades é cargarse á oposición. Lamento dicirvos que non vai a ser así, nós tódalas mañáns imos a seguir vindo aquí, grazas a Deus temos os nosos traballos fora do Concello polas tardes, hai alguén que non pode dicir iso, nós si. Entón, a falta de diálogo que hai dende o minuto un por parte deste goberno clama ao ceo, porque se podía negociar, había tempo de sobra e non se quixo facer, preferides pasar o rodillo.

**Sra. Alcaldesa:** Abrimos un segundo turno de intervencións con... referente a este punto, que sería o nomeamento de concelleiros para representar á corporación... senón o

sometemos a votación entón. Votos a favor, en contra.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, por 7 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e 5 votos en contra (4 PP, 1 BNG), acorda presta-la súa aprobación á proposta da Alcaldía de data 19.06.2019, obrante no expediente, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Nomear aos novos/as concelleiros/as que representarán á corporación nos órganos colexiados anteriormente citados, tal e como se relaciona de seguido:

- **Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol.**

De acordo co disposto nos Estatutos da Mancomunidad a representación deste Concello será ostentada pola Alcaldía, e o seu substituto será o concelleiro do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, D. José Ángel Martínez Bardanca.

- **Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Golfo Ártabro Norte 2014-2020.**

De acordo co disposto nos Estatutos da Asociación a representación permanente deste Concello será ostentada pola Alcaldía.

- **Asociación SEITURA22.**

A representación permanente deste Concello na citada asociación será ostentada pola Alcaldía, e o seu substituto será o concelleiro do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, D. José Ángel Martínez Bardanca.

- **Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.**

De acordo co disposto nos Estatutos do Consortio a representación deste Concello nos órganos reitores do mesmo será ostentada polo concelleiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son en Común, D. Genaro Prieto Iglesias, e a súa substituta será a concelleira do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Dna. Marta Ruiz del Ganso.

- **Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade.**

De acordo coa previsión establecida no Artigo 18 dos Estatutos da asociación a representación deste Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade será ostentada polo concelleiro do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, D. José Ángel Martínez Bardanca, e o seu substituto será o Concelleiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son en Común D. Genaro Prieto Iglesias, sendo nomeadas como técnicas de contacto dona M<sup>a</sup>. Isabel Ríos Paz e dona Aránzazu Pardo Guillán, traballadoras sociais do Concello.

- **Mesa Local do Comercio.**

De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia, a representación deste Concello na Mesa Local do Comercio estará integrada do seguinte xeito:



Presidente/a:

Titular: Alcaldía.

Suplente: Dna. Dolores González Lorenzo, concelleira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son en Común.

Vocais:

Titular: D. José Ángel Martínez Bardanca, concelleiro do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

Suplente: Dna. Marta Ruiz del Ganso, concelleira do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

Secretario/a:

Titular: D. Diego Seijo Alonso, funcionario administrativo do Concello.

- **Comisión de Seguimento do Convenio Básico Bilateral entre o organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico e a entidade local Concello de Mugardos.**

Visto o texto do Convenio Básico Bilateral entre o organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico e a entidade local Concello de Mugardos, polo que se formaliza a súa adhesión ao Convenio Específico de colaboración suscrito entre o Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de seguridade vial, aprobado polo Concello Pleno en sesión realizada o día 28.01.2011.

E tendo en conta o establecido na cláusula Sexta.- Comisión de Seguimento, do citado convenio, é necesario proceder á designación duns novos representantes nomeados polo Concello.

Á vista do cal, propónse nomear representantes titulares e suplentes do Concello de Mugardos para integrar a Comisión de Seguimento do convenio antes citado aos/ás concelleiros/as seguidamente relacionados:

Titular: Alcaldía.

Suplente: D. Iván Martínez González, concelleiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son en Común.

Titular: D. José Ángel Martínez Bardanca, concelleiro do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

Suplente: Dna. Marta Ruiz del Ganso, concelleira do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

- **Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol.**

O citado convenio entrou en vigor o mesmo día da súa sinatura e mantén a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2019.

Á vista do cal, propónse nomear representantes da corporación para o desenvolvemento do Convenio antes citado, tal e como de seguido se relaciona:

A representación deste Concello será ostentada pola Alcaldía, e a súa substituta será o concelleiro do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE., D. José Ángel Martínez Bardanca.

- **Xunta Local de Seguridade.**

Tendo en conta o establecido no artigo núm. 5 do citado Real Decreto 1087/2010, no que atinxe ao número de vocais da Administración Local que integrarán a Xunta Local de Seguridade, propónse nomear os/as vocais do Concello de Mugardos na Xunta Local de Seguridade antes citada, tal e como de seguido se relaciona:

- Dna. Dolores González Lorenzo, concelleira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son en Común.
- D. Genaro Prieto Iglesias, concelleiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida-Son en Común.
- D. José Ángel Martínez Bardanca, concelleiro do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

- **Plan de emerxencia exterior da planta de recepción, almacenamento, regasificación e expedición do gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste S.A.**

Nomear aos representantes do Concello de Mugardos no Plan de Emerxencia Exterior da planta de recepción, almacenamento, regasificación e expedición do gas natural licuado da empresa Regasificadora do Noroeste S.A., tal e como figura de seguido:

**Representante no Comité Asesor:**

Titular: Alcaldía.

Suplente: D. José Ángel Martínez Bardanca, concelleiro do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

**Representantes no Grupo Loxístico:**

Por parte da Policía Local:

Titular: D. Roberto Corral López

Suplente: D. Juan Carlos Garcia Pardo

Por parte da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil:

Titular: D. Juan Carlos Garcia Pardo

Suplente: D. Fidel González Esparis

O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data de aprobación do devandito acordo.

**5.- ADICACIÓNS, DIETAS, ASISTENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS.**

**Sra. Alcaldesa:** Pasaríamos ao seguinte punto da orde do día, que sería adicacións, dietas, asistencia de membros da corporación e asignación aos grupos políticos. Ven a proposta tal e como ven reflexada na Xunta de Voceiros, abrimos un primeiro turno de intervención. Miguel.

**Sr. Mahía Prados:** Ben, na proposta que se presentou na Xunta de Voceiros establécese as... tres comisións... e... perdón, tres dedicacións exclusivas, de 30.000 euros para o alcalde-presidente, non estamos en contra, principalmente foi o salario que había dende sempre neste Concello para quen ostentara a alcaldía, e con dedicación exclusiva, obviamente. Agora, que haxa dúas dedicacións en exclusiva de 25.000 euros cando na vida, na historia democrática deste Concello as houbo... eu non entendo como dicindo que non vai a haber contido para as comisións van a cobrar 25.000 euros ao ano, ¿para que?. Porque fai dous días veu unha delegación de cubanos ao Concello e non había ninguén do goberno para recibilos, os tiveron que recibir os meus compañeiros, e isto é unha dedicación exclusiva... vostedes verán.

**Sra. Alcaldesa:** Abrimos un segundo turno, si fora necesario. Pois o sometemos a votación entón. Votos a favor, en contra.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, por 7 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e 5 votos en contra (4 PP, 1 BNG), acorda presta-la súa aprobación á proposta da Alcaldía de data 19.06.2019, obrante no expediente, e en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

**Primeiro.** Establecer o réxime de dedicación exclusiva para o desempeño dos seguintes cargos:

1. Alcalde/sa-Presidente/a.
2. Presidente/a da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente (PSDG-PSOE)
3. Presidente/a da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes.(EU-SON EN COMÚN)

**Segundo.-** Aprobar o réxime retributivo dos seguintes cargos:

Cargos	Importe bruto anual (12 mensualidades)	Importe bruto mensual	Grao de responsabilidade
Alcalde/Presidente	30.000,00 €	2.500,00 €	Dedicación exclusiva
Presidente/a da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente (PSDG-PSOE)	25.000,00 €	2.083,33 €	Dedicación exclusiva
Presidente/a da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes.(EU-SON EN COMÚN)	25.000,00 €	2.083,33 €	Dedicación exclusiva

Exclúense destes importes os trienios aos que no seu caso teñan dereito por atoparse en situación de servizos especiais.

As retribucións percibiranse en doce mensualidades de igual contía, e levan aparelado os custes sociais correspondentes.

A Alcalde/sa percibirá as retribucións establecidas con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

Presidente/a da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente (PSDG-PSOE), percibirá as retribucións establecidas con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

Presidente/a da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes.(EU-SON EN COMÚN), percibirá as retribucións establecidas con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

As contías asignadas como retribucións por adicacións exclusivas experimentarán o incremento que as Lei de Orzamentos Xerais do Estado establezan para o sistema retributivo do persoal ao servizo da Administración.

**Terceiro.-** Aprobar os importes correspondentes por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno e as Comisións Informativas de que formen parte e a Xunta de Voceiros.

Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias que se indican nas bases de execución do Orzamento, coas modificacións que se incorporan seguidamente:

**Sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno: 120€/sesión.**

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 12 sesións ordinarias nin de 6 sesións extraordinarias ao ano.

**Sesións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Goberno Local: 100€/sesión.**

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 24 sesións ordinarias nin de 6 sesións extraordinarias ao ano.

**Comisións Informativas: 75€/sesión.**

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 12 sesións ordinarias nin 6 sesións extraordinarias ao ano, para cada unha das Comisións Informativas Permanentes, agás a Comisión Especial de Contas cun tope de 2 sesións ao ano.

**Xunta de Voceiros: 70€/sesión.**

A estes efectos non se computarán nin abonaran máis de 12 sesións ordinarias nin 6 sesións extraordinarias ao ano.

Aos efectos de xustificar o dereito ao cobro das indemnizacións, por asistencias ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno , Comisións e Xunta de Voceiros, polos membros da corporación,

por parte do Secretario do órgano Colexiado emitirase un certificado por cada sesión celebrada no que deberase acreditar a asistencia ou non ás mesmas.

Aos efectos do cálculo do número de sesións, éste farase por grupo municipal é ano.

Non se terán en conta nin se aboaran as sesións constitutivas de cada un dos órganos colexiados da Corporación, por non ter o carácter de sesión ordinaria nin extraordinaria.

**Cuarto.**-Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados mediante dietas polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

No referente aos gastos de locomoción será de aplicación o disposto no R.D. 462/2002, de 24 de maio.

**Quinto.**-A asignación aos grupos políticos municipais serán as vixentes establecidas nas Bases de Execución do Orzamento (nº 71),e que son as seguintes:

-O compoñente fixo é de 1.000 €/ano por grupo político.

-O compoñente variable é de 600€/ano por concelleiro.

**Sexto.**- Derogar a base de execución do orzamento número 68.

### **Sétimo.-Entrada en Vigor**

O presente acordo, no relativo ás dedicacións, as asistencias e as dietas, será de aplicación a partir da aprobación polo Pleno da Corporación, sen perxucio da súa publicación no B.O.P., na páxina web municipal (dacordo co establecido no art.32 do ROM) e no taboleiro de edictos do Concello, en cumprimento do artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

## **6.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E DESIGNACIÓN DE VOCEIROS/AS.**

**Sra. Alcaldesa:** Pasaríamos ao seguinte punto da orde do día que sería dar conta da constitución dos grupos políticos municipais e designación de voceiros. Quedaría constituído o Grupo de Esquerda Unida-Son en Común, e o seu voceiro sería Iván Martínez González. O Grupo Municipal do Partido Popular de Mugar dos, cuxo portavoz é Juan Domingo de Deus. O Partido Socialista de Galicia-PSOE, cuxo voceiro é José Ángel Martínez Bardanca. E o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, cuxo voceiro é Argemino Varela Filgueiras.

Dase conta da constitución dos grupos políticos municipais así como da designación de voceiro/a titular e suplente por cada un deles, nos seus casos, quedando integrados do seguinte xeito:

**GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN**

María del Pilar Díaz Otero.

Iván Martínez González (voceiro).

María Dolores González Lorenzo (voceira suplente).  
Genaro Prieto Iglesias

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)**

Juan Domingo de Deus Fonticoba (voceiro).  
Ana Varela Bastida (voceira suplente).  
José Miguel Mahía Prados.  
Begoña Roldós Iglesias.  
Jorge Manuel Kuntz Peiteado.

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (Psdg-Psoe)**

José Ángel Martínez Bardanca (voceiro).  
Marta Ruiz del Ganso (voceira suplente 1)  
Ignacio Fernández Fernández (voceiro suplente 2)

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

Argemino Varela Filgueiras (voceiro)

O Pleno do Concello dase por informado.

**7.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 516/2019 SOBRE: SOLICITUDE PLAN CONCERTADO 2019.**

**Sra. Alcaldesa:** Pasaríamos ao sétimo punto, que sería dar conta da resolución da alcaldía número 516/2019 sobre a solicitude do Plan Concertado.

O Pleno da Corporación dase por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 516/2019, de 09.05.2019,** sobre solicitude do Plan Concertado 2019.

**8.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 704/2019, SOBRE: DELEGACIÓN EN CONCELEIRO DA PRESIDENCIA DA MESA DE COORDINACIÓN LOCAL PARA A MELLORA DA ATENCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO QUE TIVO LUGAR O DÍA 20.06.2019.**

**Sra. Alcaldesa:** E por último, e oitavo punto, sería dar conta da resolución da alcaldía número 704/2019 sobre delegación en concelleiro da presidencia da Mesa de Coordinación Local para a mellora da atención das vítimas de violencia de xénero que tivo lugar o día 20 do seis do ano 2019.

O Pleno da Corporación dase por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 704/2019, de 19.06.2019**, sobre delegación en concelleiro da presidencia da Mesa de Coordinación Local para a mellora da atención das vítimas de violencia de xénero que terá lugar o día 20.06.2019.

**Sra. Alcaldesa:** Se levanta a sesión. Moitas grazas.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as nove horas e cincuenta e oito minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace  
A ALCALDESA,